



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 1	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 29.01.2016	CARACTER: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 20:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Antes do comenzo coa orde do día o sr. Alcalde informa que había unha solicitude para que os concelleiros dispuxeran dunha copia das grabacións dos plenos, e que, feitas as consultas oportunas, vanse publicar estas grabacións na páxina web do Concello para acceso aberto.

O sr. Rodriguez Fariñas di que ese non é o acordo que adoptou o pleno. Di que existe un compromiso de entregarlles as copias ós concelleiros.

O sr. Español Otero di que o de publicar as actas é a maiores da copia que se lle vai entregar ós concelleiros. Diríxese ó Sr. Rodriguez Fariñas e lle di que pase o luns polo concello e se poña de acordo do secretario para que lle facilite as grabacións dos plenos.

O sr. Alcalde tamén se dirixe ó Sr. Rodriguez Fariñas para dicirlle que se poña de acordo co secretario para que lle dea as grabacións.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (EXTRAORDINARIA DE 23.11.2015, ORDINARIA DE 27.11.2015, EXTRAORDINARIA DE 11.12.2015 E EXTRAORDINARIA DE 22.12.2015).

O sr. Alcalde pregunta os concelleiros se teñen algunha observación que facer as actas das sesións plenarias dos días 23 e 27 de novembro e 11 e 22 de decembro, manifestando a sra. Iglesias Ferreira que nas actas de 23 de novembro e 22 de decembro aparece reflexada Dña. Ana Llorca Maneiro como arquitecto municipal.

Sometida a votación a **acta do 23.11.2015 coa corrección apuntada**, foi aprobada cos **VOTOS A FAVOR**: dos Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**dezaseis votos a favor**) e **COA ABTENCIÓNA DO Sr. Castro Martinez (unha abstención)**.

Sometida a votación a **acta de 27.11.2015** foi aprobada pola **UNANIMIDADE** dos presentes: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

Sometida a votación a **acta de 11.12.2015** foi aprobada pola **UNANIMIDADE** dos presentes: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

Sometida a votación a **acta de 22.12.2015 coa corrección apuntada** foi aprobada pola **UNANIMIDADE** dos presentes: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

O señor Rodriguez Fariñas dase por enteirado.

O sr. Baz Vicente dase por enteirado.

A sra. Ortega Martínez dase por enteirada pero pregunta se non se lles pode entregar copia dos decretos cada 15 días para poder ler toda a documentación.

O sr. Español Otero dase por enteirado.

PUNTO 3.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 1/2016.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente e considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, e o artigo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción dos seguinte acordos,

1º) Levantar o reparo nº 1/2016 emitido por intervención.

2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2016.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que o informe de intervención fala de irregularidades en algunha contratación, de alteración na orde de rexistro de facturas e do vencemento e prórroga tácita do contrato de mantemento de xardíns. Di que o seu grupo pode entender que se prioricen as facturas de carácter social pero consideran que hai moi mala previsión por parte do equipo de goberno. Cre que, aínda que a intención é boa, a lei estase a incumplir. O Concello ten a obriga de pagar as prestacións realizadas por un terceiro pero considera unha irresponsabilidade facer cómplices desta situación ó resto da corporación por falta de previsión. En calquera caso di que non vai ser obstáculo para que se poidan pagar estes gastos.

O sr. Rodriguez Fariñas di que non vai ser cómplice deste acto que a propia interventora di que non é legal. Gustaríalle saber que lle contaron á San Xerome pero neste recoñecemento tamén hai facturas de Telefónica e da empresa encargada de facer o servizo de axuda a domicilio. Di que basea o seu voto no informe da interventora que lé textualmente. Todo isto xa se falou na Comisión de Asuntos Económicos e se dixo que se se aprobaba este recoñecemento estíbese a incumplir a lei. Por esta razón di que votará en contra.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Baz Vicente di que este recoñecemento extraxudicial é un retrato do xeito de gobernar do PSOE que se caracteriza pola improvisación, na temeridade e na irresponsabilidade. Di que o informe de intervención é demoledor e que a cantidade total que se pretende recoñecer é de 60.000 euros. Pregunta que clase de orzamentos se elaboran neste Concello. Considera que o concello é parte causante do conflito entre a empresa San Xerome e os seus traballadores. Pregúntalle ó alcalde se é fraude contratar unha empresa con contratos menores continuados fraccionando deste xeito a propia contratación. Di que o BNG ven demandando a regularización dos contratos. Non van a ser obstáculo pero non poden votar a favor deste tipo de procedementos.

A sra. Ortega Martinez di que no seu grupo decidiuse que cada un votase en conciencia. Entende que non se pode pasar a responsabilidade ó resto da corporación e que deben asumir que non gobernan en maioría.

O sr. Alvarez Carrero di que o seu voto particular vai ser en contra porque, feitas as consultas oportunas, o voto favorable e incluso a abstención neste tema pode conlevar delito penal. Recorda que na promesa que fixo na toma de posesión do seu cargo xurou cumprir a lei. Di que esta situación irregular é permanente e considera que pode ser prevaricación administrativa. Di que existe outro cauce para facer fronte a estes pagos a través do xulgado. Pódese pensar que se faen estes pagos por clientelismo de voto.

O sr. Alcalde le un fragmento do informe da interventora que di “...Non obstante, o artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, permite recoñecer estas obrigacións procedentes doutros exercizos que, por calquera causa, non foran recoñecidas, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento mediante a asignación puntual e específica de obrigacións procedentes de exercizos anteriores ao orzamento vixente. De esta maneira, excepcionalmente poderán imputarse ao orzamento en vigor, obrigacións correspondentes a exercizos anteriores, previo recoñecemento das mesmas, e a adopción do correspondente acordo de habilitación polo pleno da corporación. De esta forma, se está admitindo o sistema do recoñecemento de obrigacións de calquera outro exercizo, a pesar do disposto no artigo 176 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora de Facendas Locais”

O sr. Español Otero manifesta que, escoitando ós concelleiros da oposición, parece que os recoñecementos extraxudiciais son exclusivos do Concello da Guarda. Recorda que noutras lexislaturas nas que o PSOE era oposición o seu grupo abstíñase para poder aprobar estes recoñecementos. Recrimínalle ó sr. Alvarez Carrero que diga que se fai este pago por rédito político. Saltouse a prelación de pagos pensando nos provedores pequenos.

O sr. Alvarez Carrero di que el non cuestiona os recoñecementos extraxudiciais en xeral e que a el só lle preocupa este porque o informe de intervención é moi contundente. Di que isto é un delito obxectivo.

A sra. Magallanes Alvarez di que lle causa sorpresa a posición dos concelleiros da oposición. Di que este recoñecemento é por un importe total duns 60.000 euros que é unha cantidade moi normal. Ademais isto pasa en todos os Concello porque está establecido pola Lei. Tráese o primeiro pleno que se pode entre outras cousas para



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

non perder subvencións. Nun concello próximo fíxose un recoñecemento de case 1 millón de euros.

Di que este equipo de goberno intenta consensuar os orzamentos cos demais grupos pero non consiguen chegar a acordos.

Remata dicindo que é coñecido por todos que o Concello da Guarda leva un ano sen secretaria o cal dificulta moitísimo actualizar os contratos.

A sra. Iglesias Ferreira di que ninguén dixo que os recoñecementos extraxudiciais sexan ilegais. O que pasa é que neste caso hai máis cousas.

O sr. Rodríguez Fariñas matiza que as leis cambiaron neste sentido e agora son máis restrictivas para levar a cabo certas actuacións. Di que vai votar en contra.

O sr. Lomba Alonso di que a realidade de fai anos é moi diferente da actual. Non obstante, se hai que facer unha reseña histórica tamén hai que recordar cal foi sempre a política do BNG neste tema: sempre se abstiveron nos recoñecementos extraxudiciais e sempre argumentaron a súa postura e esta postura era e é que se fan contratacións irregulares. Engade que non se pode utilizar o orzamento como lle dea a gana ó equipo de goberno senón que hai que se máis previsores. Remata dicindo que o BNG nunca falou de ilegalidade ou irregularidade dos procedementos de recoñecementos extraxudiciais. O BNG di que eles abstéñense para non perxudicar a aquelas persoas que fixeron o servizo e teñen dereito a cobrar.

A sra. Ortega Martínez di que o problema xurde co tema da falta de contratos, non co tema dos pagos. Hai que cumprir a lei de contratos.

A sra. Magallanes recorda que este é o único medio que ofrece a lei para pagar estas facturas.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez **(sete votos a favor)**, **CON VOTO EN CONTRA** dos Sres/as. Alvarez Carrero e Rodríguez Fariñas **(dous votos en contra)** e a **ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Iglesias Ferreira **(oito abstencións)**.

PUNTO 4.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4501 ENTABLADO POR Mª MERCEDES MARQUEZ LOMBA CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 09.07.2013 SOBRE RAMPA NA RÚA DA CAL, Nº 159.

O sr. Alcalde da conta da sentenza sinalada toda vez que o recurso contencioso interpúxose contra un acordo plenario e informa que é favorable ós intereses do concello.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

A sra. Ortega Martinez di que se alegran de que algunha vez haxa unha senteza favorable ó Concello.

Os concelleiros danse por enterados do contido da sentenza.

PUNTO 5.- MOCIÓNS

- **RE 7.750 do PP.- Moción para instar ó grupo de goberno municipal nova ordenanza do IBI con novas modificacións.**

A sra. Ortega Martínez da conta da seguinte moción:

A Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles no concello no seu artigo 3 ten un tipo xeral do 0,50% para bens de natureza urbana.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales prevé dous tipos de bonificaciones, as obrigatorias e as potestativas. Textualmente reproduzco para que non volva a suscitarse dúbidas no pleno.

BONIFICACIONES OBRIGATORIAS (ART. 73)

1. Tendrán derecho a una bonificación de entre el 50 y el 90 por ciento en la cuota íntegra del impuesto, siempre que así se solicite por los interesados antes del inicio de las obras, los inmuebles que constituyan el objeto de la actividad de las empresas de urbanización, construcción y promoción inmobiliaria tanto de obra nueva como de rehabilitación equiparable a ésta, y no figuren entre los bienes de su inmovilizado. En defecto de acuerdo municipal, se aplicará a los referidos inmuebles la bonificación máxima prevista en este artículo.

El plazo de aplicación de esta bonificación comprenderá desde el período impositivo siguiente a aquel en que se inicien las obras hasta el posterior a su terminación, siempre que durante ese tiempo se realicen obras de urbanización o construcción efectiva, y sin que, en ningún caso, pueda exceder de tres períodos impositivos.

2. Tendrán derecho a una bonificación del 50 por ciento en la cuota íntegra del Impuesto, durante los tres períodos impositivos siguientes al del otorgamiento de la calificación definitiva, las viviendas de protección oficial y las que resulten equiparables a éstas conforme a la normativa de la respectiva comunidad autónoma.

Dicha bonificación se concederá a petición del interesado, la cual podrá efectuarse en cualquier momento anterior a la terminación de los tres períodos impositivos de duración de aquella y surtirá efectos, en su caso, desde el período impositivo siguiente a aquel en que se solicite.

Los ayuntamientos podrán establecer una bonificación de hasta el 50 por ciento en la cuota íntegra del impuesto, aplicable a los citados inmuebles una vez transcurrido el plazo previsto en el párrafo anterior. La ordenanza fiscal determinará la duración y la cuantía anual de esta bonificación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3. *Tendrán derecho a una bonificación del 95 por ciento de la cuota íntegra y, en su caso, del recargo del impuesto a que se refiere el artículo 153 de esta ley, los bienes rústicos de las cooperativas agrarias y*

de explotación comunitaria de la tierra, en los términos establecidos en la Ley 20/1990, de 19 de diciembre, sobre Régimen Fiscal de las Cooperativas.

4. *Las ordenanzas fiscales especificarán los aspectos sustantivos y formales de las bonificaciones indicadas en los apartados anteriores, así como las condiciones de compatibilidad con otros beneficios fiscales.*

ARTICULO 74 BONIFICACIONES POTESTATIVAS (SE APRUEBAN POR ORDENANZA)

1. *Las ordenanzas fiscales podrán regular una bonificación de hasta el 90 por ciento de la cuota íntegra del Impuesto a favor de los bienes inmuebles urbanos ubicados en áreas o zonas del municipio que, conforme a la legislación y planeamiento urbanísticos, correspondan a asentamientos de población singularizados por su vinculación o preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, ganadero, forestal, pesquero o análogas y que dispongan de un nivel de servicios de competencia municipal, infraestructuras o equipamientos colectivos inferior al existente en las áreas o zonas consolidadas del municipio, siempre que sus características económicas aconsejen una especial protección.*

Las características peculiares y ámbito de los núcleos de población, áreas o zonas, así como las tipologías de las construcciones y usos del suelo necesarios para la aplicación de esta bonificación y su duración, cuantía anual y demás aspectos sustantivos y formales se especificarán en la ordenanza fiscal.

2. *Los ayuntamientos podrán acordar, para cada ejercicio, la aplicación a los bienes inmuebles de una bonificación en la cuota íntegra del impuesto equivalente a la diferencia positiva entre la cuota íntegra del ejercicio y la cuota líquida del ejercicio anterior multiplicada esta última por el coeficiente de incremento máximo anual de la cuota líquida que establezca la ordenanza fiscal para cada uno de los tramos de valor catastral y, en su caso, para cada una de las diversas clases de cultivos o aprovechamientos o de modalidades de uso de las construcciones que en aquella se fijen y en que se sitúen los diferentes bienes inmuebles del municipio.*

Dicha bonificación, cuya duración máxima no podrá exceder de tres períodos impositivos, tendrá efectividad a partir de la entrada en vigor de nuevos valores catastrales de bienes inmuebles de una misma clase, resultantes de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general de ámbito municipal. Asimismo, la ordenanza fijará las condiciones de compatibilidad de esta bonificación con las demás que beneficien a los mismos inmuebles.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el párrafo anterior, en el supuesto de que la aplicación de otra bonificación concluya en el período inmediatamente anterior a aquel en que haya de aplicarse sobre ese mismo inmueble la bonificación a que se refiere este apartado, la cuota sobre la que se aplicará, en su caso, el coeficiente de incremento máximo anual será la cuota íntegra del ejercicio anterior.

Cuando en alguno de los períodos impositivos en los que se aplique esta bonificación tenga efectividad un cambio en el valor catastral de los inmuebles, resultante de alteraciones susceptibles de inscripción catastral, del cambio de clase del inmueble o de un cambio de aprovechamiento determinado por la modificación del planeamiento urbanístico, para el cálculo de la bonificación se considerará como cuota líquida del ejercicio anterior la resultante de aplicar el tipo de gravamen de dicho año al valor base determinado conforme a lo dispuesto en el artículo 69 de esta ley.

Las liquidaciones tributarias resultantes de la aplicación de esta bonificación se regirán por lo previsto en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

sin que sea necesaria su notificación individual en los casos de establecimiento, modificación o supresión de aquella como consecuencia de la aprobación o modificación de la ordenanza fiscal.

2 bis. Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles de organismos públicos de investigación y los de enseñanza universitaria.

2 ter. Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de los bienes inmuebles excluidos de la exención a que se refiere el último párrafo de la letra b) del apartado 2 del artículo 62 de esta Ley.

2 quáter. Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.

3. Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 90 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de cada grupo de bienes inmuebles de características especiales. La ordenanza deberá especificar la duración, cuantía anual y demás aspectos sustantivos y formales relativos a esta bonificación.

4. Las ordenanzas fiscales podrán regular una bonificación de hasta el 90 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de aquellos sujetos pasivos que ostenten la condición de titulares de familia numerosa.

La ordenanza deberá especificar la clase y características de los bienes inmuebles a que afecte, duración, cuantía anual y demás aspectos sustantivos y formales de esta bonificación, así como las condiciones de compatibilidad con otros beneficios fiscales.

5. Las ordenanzas fiscales podrán regular una bonificación de hasta el 50 por ciento de la cuota íntegra del impuesto para los bienes inmuebles en los que se hayan instalado sistemas para el aprovechamiento térmico o eléctrico de la energía proveniente del sol. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones para producción de calor incluyan colectores que dispongan de la correspondiente homologación por la Administración competente. Los demás aspectos sustantivos y formales de esta bonificación se especificarán en la ordenanza fiscal.

Como se pode observar, hai posibilidade de medidas de solidariedade social, de fomento de emprego e incluso da actividade económica dentro da lei que regula o I.B.I. as cales apoia o Grupo municipal popular.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o grupo de goberno traia a pleno unha proposta de modificación da ordenanza fisca reguladoras en la cual se recollan as bonificaciónes obligatorias por lei.

Que dentro das potestativas o menos se recollan nesa nova ordenanza a bonificación recollida no articulo 74.4 que regula as bonificaciónes para familias numerosas e as recollidas no artigo 74 punto 2.4 para empresas que fomenten o emprego



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

En A Guarda, a 28 de novembro de 2015

*Fdo: Conchi Ortega Martínez
Voceira do Partido Popular*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira recorda que no último pleno xa se trouxo este tema e se dixo que non se podía aplicar a bonificación que se propoñía. Agora tráese unha nova moción diferente pero non comparte a xustificación que fai a concelleira do Partido Popular. Parécenlle positivas as dúas posibilidades de bonificacións propostas nesta moción.

O sr. Rodríguez Fariñas di que calquera medida que se tome dende o Concello para beneficiar á empresa local é positiva e polo tanto vai votar a favor.

O sr. Lomba Alonso pide que se sexa estricto na concreción da ordenanza tal e como establece a propia lei, sobre todo no que respecta á xustificación das empresas que xeneren emprego. No que respecta á familia numerosa di que non ten porque corresponderse coa renda pero que o normal é que así sexa.

A sra. Magallanes Alvarez di que a proposta do pleno anterior era moi diferente e que a lei non permitía a aplicación da bonificación solicitada entón. O IBI non grava a renda senón a propiedade, por eso non permite bonificación por renda. A Guarda ten o IBI máis baixo. Ademais informa que o IBI estivo máis alto porque o impuxo o goberno central e entón non houbo propostas para baixalo. Di que o primeiro apartado da moción xa está sendo cumprido porque A Guarda aplica as bonificacións obrigatorias. No ámbito da familia numerosa entende que a bonificación pode aplicarse pero tendo en conta certas circunstancias como é o nivel de renda e que se aplicaríase so á vivenda habitual. No que respecta á bonificación á empresas habería que determinar a que tipo de empresas (refírese en concreto a situación de Portos de Galicia que é propietaria de bens polos que ten que pagar o IBI e non repercutilo ós particulares).

A sra. Ortega Martínez di que no caso das redeiras existe unha sentenza que obriga ás concesionarias a pagar o IBI.

A sra. Iglesias Ferreira pregunta se a ordenanza modificada ten que vir a aprobación do Pleno.

O sr. Rodríguez Fariñas di que os técnicos terán que facer un texto de ordenanza que terá que vir a aprobació plenaria. Respecto do caso de Portos de Galicia di que espera que non se aplique ningún tipo de bonificación a este ente.

O sr. Lomba Alonso di que haberá que modificar a ordenanza de acordo coa propia lei e segundo dita lei non se pode aplicar a bonificación a calquera empresa senón a aquelas que o propio pleno determine.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN:

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes:** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE 7.845 de Convergencia Galega.- Relación de Postos de traballo.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

De tódolos membros desta Corporación Municipal é coñecida a obrigaón dos entes públicos, e polo mesmo, deste Concello, de formar, aprobar e publicala correspondente Relación de Postos de Traballo (R.P.T) conforme a lexislación vixente. Neste senso, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 900.2 establece: "As Corporacións Locais formarán a relación de tódolos postos de traballo existentes na súa organización nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública"

Doutra parte, a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, no seu artigo 15, define as R.P.T.s como o instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, dacordo cas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto, establecendo que as mesmas deberán comprender os postos de traballo do persoal funcionario de cada centro xestor, o número e as características dos que poidan ser ocupados por persoal eventual ou por persoal laboral, e indicarán, en todo caso, a denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos, os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso o complemento específico que corresponda os mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

Do mesmo modo, a Lei 712007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no seu artigo 74, establece: "As Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo e outros instrumentos organizativos similares que comprenderan, o menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estén adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos"

Dende CONVERXENCIA GALEGA, consideramos que é necesaria a, elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) expresiva da estrutura organizativa real do Concello, tramitando un expediente e traballo relativo o mesmo, e e unha vez rematado o mesmo, en cumprimento o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local que establece: "Unha vez aprobada a plantilla e a relación de postos de traballo, remitirase copia a Administración do Estado, e no séu caso, a Administración Autonómica respectiva, dentro do prazo de trinta días, sen perxuicio da súa publicación íntegra no "Boletín Oficial da Provincia", xunto co resume do Presuposto".

Por todo-lo exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación si procede, a seguinte MOCION:

PRIMEIRO: Elaborar ca participación das centrais sindicais, traballadores, axentes sociais e partidos políticos, as liñas xerais para a elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (R.P. T.) de funcionarios e persoal laboral do Concello de A Guarda así como do Padroado Municipal Monte de Santa Trega, co contido sinalado no artigo 74 da lei 7/2007, do Estatuto Básico do Emprego Público e normas concordantes, engadindo ademais as retribucións brutas de cada posto de traballo, con indicación expresa das retribucións básicas, retribucións complementarias reguladas por normativa estatal e os costes asociados en concepto de seguridade social, contribución municipal a mutualidades, seguros ou plans de pensións, etc.

SEGUNDO: O Concello de A Guarda incorporará aos Presupostos Municipais/2016 a partida económica necesaria para a contratación dunha Asesoría externa que dé forma e contido a dita Relación de Postos de Traballo (R.P. T.)

TERCEIRO: Publicar a Relación de Postos de Traballo (R.P. T.) do acordo anterior no Boletín Oficial de Pontevedra e na web municipal con el contido íntegro da mesma".

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción.

O Sr. Lomba Alonso di que na última reunión que tivo o equipo de goberno coa CIGA xe se lle pediu que habilitara unha partida orzamentaria para a elaboración da RPT. Pide que se poñan en serio con este tema.

A sra. Ortega Martinez di que vai apoiar a moción porque cre que é beneficiosa para os traballadores e para a eficiencia do propio concello.

O sr. Español Otero di que unha RPT custa cartos e hai que consignar diñeiro para elo e o Concello da Guarda ten o orzamento prorrogado. Este feito pode provocar que haxa que traer outro recoñecemento extraxudicial. Recorda que o Concello do Rosal ten a RPT aprobada pero está no caixón guardada porque algúns traballadores saen perxudicados.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN:

Sométese A moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE 7.875 do BNG.- Moción para declarar este concello vila libre de circos con animais.**

O sr. Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

Exposición de motivos:

A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrígalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etiolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e até automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte ACORDO

- 1. Que o Concello da Guarda non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.*
- 2. Declarar ao Concello da Guarda libre de circos con animais.*
- 3. Que o Concello da Guarda non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.*
- 4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera.*

Ángel Baz Vicente Portavoz municipal do BNG A Guarda, 3 de decembro de 2015

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción pola sensibilidade que provoca na sociedade.

O sr. Rodríguez Fariñas di que lle sorprende que non se intentara refundir as dúas mocións sobre o mesmo tema que veñen a pleno e cre que debería haberse feito. O maltrato animal hai que extendelo ós animais domésticos por eso non comparte e non entende a moción do PSOE.

A sra. Ortega Martínez tamén incide no feito de que non se tentaran refundir as dúas mocións e di que lle gusta máis a moción seguinte porque non elimina todo tipo de animais. Non obstante vai apoiar.

O sr. Alcalde di que as dúas mocións se basan nunha moción xenérica da Asociación Animalista Libera. Di que a diferenza desta moción coa deles radica no termo salvaxe. Consideran que hai persoas que teñen animais de compañía que lles gusta expoñelos e facer algunha actuación e non lles parece correcto eliminar este tipo de espectáculos. Tamén di que tentaron xuntar a moción co BNG pero non foi posible.

O sr. Lomba Alonso recorda que se rozou a mofa cando o BNG trouxo este moción no seu momento. Di que a moción do PSOE incorpora a palabra salvaxe para defender o seu cambio de voto. Parécelle un erro que o grupo de goberno se deixe levar pola opinión dun veterinario. Di que un espectáculo de cans da ONCE ou preparados para salvar vidas non é un circo con animais.

A sra. Iglesias Ferreira non considera que houbera mofa no momento ó que se refire o portavoz do BNG e di que comparte a exposición e argumentación que naquel momento fixo o concelleiro Antonio Fontenla.

O sr. Rodríguez Fariñas di que so se prohibirán os circos, non calquera actuación con animais.

O sr. Alcalde di que non recorda a mofa á que fai referencia o portavoz do BNG e que o seu grupo tómase en serio todo o que conleva un pleno. Di que se van a abster porque consideran a súa moción recolle mellor a súa postura.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción **É APROBADA CO** seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (10) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (0)

ABTENCIONS: (7) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Álvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez

- **RE 7.876 do PSOE- Instalación de circos que empreguen animais salvaxes nos seus espectáculos.**

O sr. Alcalde da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os socialistas da Guarda, despois de considerar a sensibilización da cidadanía respecto ao maltrato animal. Despois de valorar as propostas de cambio normativo feitas por diferentes asociacións, organizacións e partidos políticos, no que refire aos dereitos dos animais.

Despois de reconsiderar o sentido da votación da moción para declarar a Guarda concello libre de circos con animais presentada polo BNG, tratada na lexislatura pasada no pleno do concello da Guarda. Coñecendo a competencia da Xunta de Galicia no que se refire a utilización de animais salvaxes en circos. Queremos aportar novos argumentos e novos matices no apartado resolutivo con esta moción.

A Declaración Universal dos Dereitos dos Animais que se proclamou en 1978 apoiada pola UNESCO, recolle no seu preámbulo que todos os animais teñen dereitos e que se debe ensinar aos nenos e nenas a observar, comprender e querer ás mascotas. A Declaración consta de catorce artigos nos que se reclaman os dereitos dos animais a recibir atención, coidados e protección, así como a non sufrir malos tratos.

A normativa Autonómica, a pesar do último cambio que sufríu a lei 1/1993, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, no aspecto relativo ao uso de animais salvaxes nos circos non foi modificada. Tanto é así que nun mesmo apartado dun artigo da mencionada lei faise unha prohibición e a vez permítese autorizar o prohibido, nunha clara incongruencia normativa sobre un tema tan delicado. Artigo 5 da lei 1/1993. "1. Prohíbese a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades se iso pode ocasionar danos, sufrimentos ou facerlles obxecto de tratamento antinatural. Excepcionalmente a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autorizar espectáculos consuetudinarios nos que interveñan animais".

A vida dos animais nos circos caracterízase polo seu illamento, castigo, medo e cativeiro. As exhibicións de animais nos circos tamén ofrecen unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non asomen condutas de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrígalos a comportarse desa maneira, sométenos a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimentos e ao afastamento dos seus conxéneres.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais salvaxes nos circos por considerar que a súa exhibición e as condicións de vida que levan supoñen unha crueldade. Ao mesmo tempo incrementan o tráfico ilegal de animais procedentes da caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Cremos que os mais pequenos merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto polos seres vivos e polo seu contorno.

Por todo o sinalado os socialistas da Guarda (Grupo Municipal Socialista da Guarda e as Xuventudes Socialistas de Galicia- A Guarda) propoñen ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Instar ao Goberno Municipal a non promover nin colaborar na instalación de circos con animais salvaxes no termo municipal.*
- 2. Instar a Xunta de Galicia a impulsar os cambios legislativos necesarios para impedir o uso de animais salvaxes en circos.*
- 3. Non autorizar a instalación de publicidade de circos con animais salvaxes en espazos públicos.*
- 4. Declarar ao concello da Guarda vila libre de circos con animais salvaxes.*

*A Guarda, a 02 de novembro de 2015
Antonio Lomba Baz
Portavoz do Grupo Municipal Socialista*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción e que lle parece menos restrictiva que a do BNG.

O sr. Rodríguez Fariñas di que o grupo do goberno autorizou a instalación dun circo o mesmo día que presentou a moción e que lle parece contradictoria coa súa forma de obrar.

O sr. Lomba Alonso di que esta moción no vale para nada porque a que se acaba de aprobar é máis ampla que esta.

A sra. Ortega Martínez di que van apoiála.

O sr. Alcalde di que a autorización do circo fíxose por actualizar un permiso outorgado a primeiros do ano 2015. Di que o seu grupo está en contra do maltrato animal, non dos circos, polo tanto se hai un espectáculo con animais que non sexan maltratados non poden ampliálo.

O sr. Lomba Alonso pide que conste que el nunca dixo que o alcalde non estivera en contra do maltrato animal.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción **É APROBADA CO** seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (16) Sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (0)

ABTENCIÓNS: (1) Sr. Rodriguez Fariñas

- **RE 8.023 de D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira (Concelleira non Adscrita).- Moción sobre a redacción do proxecto e obra para a apertura da saída sur do Porto da Guarda, dende a rúa Fernandez Albor a carretera de Circunvalación.**

A sra. Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos somos coñecedores da problemática existente en relación ó tráfico na nosa vila, e neste caso no porto, tendo en conta especialmente os autocares e camións que teñen moitas dificultades para saír desta zona, o que orixina que a maioría deles descarten baixar a visitar o pobo e o porto.

Esta situación ven perxudicando o sector empresarial, comercio e hostalaría local, deixando todos eles de aproveitar o reclamo turístico que supón o Monte Santa Trega, visitado por milleiros de persoas anualmente, e o que estes visitantes poderían suponer para estes sectores. Ademais de estar impedindo que poidan disfrutar e coñecer a nosa gastronomía, o maravilloso enclave mariñeiro, as vivendas típicas, as rúas, o museo e o propio paseo marítimo, entre outros.

Contemplada esta saída, no Plan Xeral vixente, aprobado en 1993, e poñendo enriba da mesa esta infraestrutura como urxente e prioritaria para o pobo de A Guarda,

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1º Encargar de xeito urxente a redacción do proxecto de apertura da vía de saída sur do porto de A Guarda, entre as rúas Fernández Albor e Circunvalación, tan necesaria para o desafogo do tráfico na vila e para o noso desenvolvemento como vila turística, mariñeira, comercial e referente gastronómico*
- 2º Facer as xestións pertinentes para o financiamento da obra de saída sur do porto entre o concello de A Guarda e outras administracións públicas (Diputación Provincial e Xunta de Galicia)*

Fátima Iglesias Ferreira - Concelleira



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABRESE O DEBATE

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai apoiar a moción.

O sr. Baz Vicente felicita á concelleira pola redacción en galego da moción. Di que a saída do porto polo sur é primordial pero cre que é mellor retirar a moción porque non teñen claro que a saída proposta sexa a mellor. Sería recomendable que os técnicos fixeran un informe sobre o tema.

A sra. Ortega Martinez di que había un proxecto para a saída sur e que estaba recollida no Plan Xeral que a eles non lle parecía a mellor. Se a moción se refire ó proxectado no Plan Xeral non poden apoiala.

O sr. Español Otero di que van votar en contra porque hai un levantamento topográfico feito polo arquitecto técnico municipal que di que o trazado previsto no plan actual é inviable. A solución pasa polo trazado que tiñan previsto no Plan Xeral que non foi aprobado.

A sra. Iglesias Ferreira di que a saída sur é unha prioridade e non quere retirar a moción. Informa que a proposta que se fai na moción é a recollida no Plan Xeral actual.

A sra. Ortega Martinez di que o importante é redactar un proxecto para levar adiante este tema.

O Sr. Español Otero lle informa a portavoz do PP que a lei non permite a apertura de ningún vial que non estea recollido no plan xeral, por eso ou modifica o PXOU actual ou aprobas un novo.

O sr. Baz Vicente di que hai que ter claro cal é alternativa mellor pero con urxencia.

A sra. Ortega Martinez di que cunha modificación parcial do Plan se podería salvar o problema.

O sr. Español Otero di que non se pode facer un proxecto antes da modificación do Plan. Comprométese a entregarlle ós demais grupos o levantamento topográfico ó que fixo referencia.

O sr. Rodriguez Fariñas espera que non se faga unha modificación puntual para introducir outras obras ademais do vial. Pregunta se se fixo algunha modificación puntual sobre unha soa obra.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (2) Sres/as Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (7) Sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez

ABTENCIONS: (8) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez.

A vista deste resultado a moción **NON PROSPERA.**



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

• **RE 8.405 de Convergencia Galega.- Gas radón e cancro de pulmón.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

Dende fai moito tempo e cada vez máis, se ven levando a cabo diversos estudos que relacionan a acción do gas radón co cangro de pulmón nos non fumadores, e dándose un 80% ñas mulleres, sendo as conclusión que a causa principal na nosa terra era a escasa ou nula ventilación dos sotos das vivendas, donde se acumula, especialmente naquelas asentadas en bases graníticas, que de xeito soltan emanacións de dito gas.

Nestes días está sendo noticia a tese da neumonóloga do CHUVI, Dra. María Torres, que mereceu sobresaínte cum laude, baixo a dirección do profesor Ruano, de Medicina Preventiva da Facultade de Medicina de Santiago.

Distintos partidos e colectivos venen solicitando directamente dos séus concellos para que se tomen medidas sobre o asunto e o mesmo tempo se leven a cabo convenios cas universidades galegas para desenrrolar diversos estudos e traballos sobre a situación ñas dependencias municipais locais, así como tamén alternativas a desenrrolar en edificios e vivendas.

Hai que facer referencia que na U.S.C. se ten desenrrolado un "mapa" de medicións sobre a concentración en distintas comarcas e plantexa diversas alternativas para a súa redución.

Así mesmo, hai que ter en conta que xa fai algúns anos, o Senado, aprobou distintas iniciativas para o estudo e desenrrolo de alternativas para controlar e eliminar no posible a concentración deste gas canceríxeno.

Na legislación española e dalgunhas comunidades se fala da búsqueda de solucións, e así, no Decreto 262/2007, donde se aproban que debe cumprir o habitat galego, nos apartados 1.1.A.1.3 e I.D.2.3.1. do Anexo, adicados a calidade ambiental e sustentabilidade, sinálase: "...terase especial consideración na eliminación da posible contaminación das vivendas por gas radón..."

Dende fai anos, en distintos países de Europa e nos EE.UU., se está aplicando a ventilación forzada dos sotos e bodegas, situación que non é moi custosa para os edificios. Pola outra banda, a Organización Mundial da Saúde, (O.M.S.), ven de instar aos gobernos a tomar medidas para a redución da acumulación de radón ñas vivendas. E no Título VII da Directiva Comunitaria 96/29/EUROATOM, pasada logo o Real Decreto 783/2001, ínstase a tomar as medidas pertinentes ñas actividades laboraris ñas que existan fontes naturais de radiación, e a realizar os estudos necesarios co fin de determinar se existe un incremento significativo da exposición dos traballadores e usuarios a elementos radiactivos.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación, a seguinte MOCIÓN:

- a).- Desenrrolo dunha campaña informativa sobre os efectos do gas radón, a súa incidencias e as distintas medidas preventivas para minimizar a súa acumulación.*
- b).- Medición dos índices de gas radón ñas instalacións públicas do Concello.*
- c).- Buscar acordos cas universidades galegas, para promover a medición nos*



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

fogares que o desexen.

d).- Elaborar unha GUIA EXPLICATIVA a incorporar nas indicacións sobre o otorgamento de Licencias de Obras.

A Guarda, a 27 de Decembro do 2015

Celso Rodríguez Fariñas

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que leu unha noticia ó respecto que dí que este problema afecta especialmente a esta comarca, aínda que non é A Guarda o concello máis afectado. Considera que todas aquelas accións que incidan na prevención da enfermidade son positivas e por eso a van a votar a favor.

A sra. Martínez Vazquez pregunta sobre os custes que pode ter esta campaña.

A sra. Ortega Martinez di que o Partido Popular vai apoiar esta moción, xa que consideran positivo todo o que sexa para previr esta enfermidade, que tan duramente azota o Baixo Miño.

A sra. Magallanes Alvarez di que o grupo e goberno está a favor de colaborar en todas as campañas que se desenvolvan neste sentido pero que tal e como está redactada a parte resolutiva da moción non a van a apoiar.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (7) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (7) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez. , Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez

ABTENCIÓNS: (3) Sres/as Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez.

A vista deste resultado, e en virtude do voto de calidade do Sr. Alcalde, á moción **NON PROSPERA** (artigo 124.4 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexíme Local)

- **RE 45 de Convergencia Galega.- Modificación do horario de celebración das Xuntas do Padroado Municipal Monte Santa Trega.**

O sr. Rodriguez Fariñas di que retira esta moción.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- **RE 146 de Convergencia Galega.- Actualización do inventario de bens municipais**

O Sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

En distintos escritos R/E nº 4.049 e 7764 de 22.06 e 01.12 respectivamente, puxemos de manifestó o seguinte: "..Tal e como establece o artigo 36.2 do R.O.F., os Secretarios/as tomarán as medidas oportunas para que o día da constitución das Corporación Municipais, estea preparado e actualizado tódolos expedientes e documentación relativa ao inventario do patrimonio Municipal e dos Organismos Autónomos.."

Así mesmo, ten do en conta os artigos 33, 34 e 35 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño: "..La rectificación del inventario se verificará ANUALMENTE y en ella se reflejarán las vicisitudes de toda índole.."..."...la comprobación se efectuará SIEMPRE QUE SE RENUEVA LA CORPORACIÓN y el resultado se consignará al final del documento, sin perjuicio se levantar ACTA ADICIONAL con el objeto de DESLINDAR RESPONSABILIDADES que pudieran derivarse para los MIEMBROS ENTRANTES, y en su día, para los SALIENTES"..."...En el Libro de Inventarios y Balances se reflejará ANUALMENTE los bienes, derechos y acciones de la Entidad Local y sus alteraciones, así como la situación del activo y pasivo, para determinar el VERDADERO PATRIMONIO en cada ejercicio económico..."

As veces que preguntamos que medidas se habían tomado, sempre foi que levaba así moito tempo, e se buscaría a ocasión para actualización, tendo en conta que sendo coñecedores desta irregularidade e para non ser cómplices dún acto non axustado a dereito, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guada, procederá a elaborar os pliegos de condicións e licitar da maneira máis urxente, a fin de que o máis tardar en tres (3) meses se dé inicio actualización do inventario de bens municipais.

A Guarda, a 08 de xaneiro do 2016

Celso R. Fariñas

Concelleiro de CONVERXENCIA GALEGA

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que van a apoiar a moción.

O Sr. Baz Vicente di que van apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que van apoiar a moción.

A sra. Magallanes Alvares di que a lei establece que ten que facerse pero que neste momento o Concello conta cun secretario Accidental e este tema excede da súa capacidade e compentencias, por eso habería que recurrir a unha empresa externa e iso ten un custe económico. Neste momento se está a realizar unha toma de datos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

por parte da Deputación que pode servir de base para a actualización do inventario pero que é imposible cumprir os prazos que se establecen na moción.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que cambia o apartado da moción no que fala do periodo no que debe facerse e amplíao a 12 meses, de tal xeito que a moción quedaría redactada so seguinte xeito: "O Concello da Guarda procederá a elaborar os pregos de condicións e licitar da maneira máis urxente, a fin de que o mais tardar en 12 meses de dea inicio a actualización do inventario de bens municipais".

O sr. Español Otero di que, con volcado de datos que está a recoller a deputación xa hai camiño andado.

VOTACIÓN

Sométese á moción (coa modificación introducida) á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE 8.293.- da Asociación A Jalleira asumida por Convergencia Galega e apoiada polo BNG.- Solicitud de apoio ós traballadores do SPDCIF.**

O sr. Rodriguez Fariñas pidelle o Alcalde que lle permita á presidenta da Asociación A Jalleira facer un exposición e defensa da moción.

A presidenta da Asociación A jalleira expón a moción que literalmente di:

Os traballadores do SPDCIF (Servizo Público de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais), pertencente á Consellería do Medio Rural e do Mar, vémonos na obriga de denunciar a situación na que se atopa o Servizo Público do que formamos parte e por cuxa defensa nos expresamos co fin de que se coñeza cal é situación na que nos atopamos e solicitar, á súa vez, o apoio da sociedade galega no seu conxunto e, así mesmo, o das institucións e organizacións representativas da mesma.

O Spdcif foi sempre un modelo de referencia en toda España, tanto pola súa efectividade como polo seu carácter de servizo cen por cen público ó servizo da cidadanía na protección do medio natural de Galicia. Fronte a esta realidade, atopámonos na actualidade cun modelo de prevención e extinción e incendios fragmentado a través dun complexo entramado de organismos, empresas e institucións, que está prexudicando gravemente a eficiencia do que sempre foi un servizo público de contrastada eficacia.

O desmantelamento paulatino do Spdcif con estas políticas de disgregación progresiva dunha parte do dispositivo e a privatización doutra, está a comprometer o traballo dos profesionais na defensa do medio natural en Galicia ó non recoñecer a nosa labor profesional como bombeiros forestais, ó precarizar ás condicións ñas



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que traballamos ou ó negarnos a estabilidade laboral.

Así mesmo, consideramos que, non só se está a desprezar o noso traballo por non ser considerados un corpo de emerxencias senón que, ademáis, estase a desaproveitar o verdadeiro potencial do Spdcif e os seus profesionais no eido das emerxencias no rural.

Diante desta situación de emerxencia, ós profesionais, decidimos solicitar o apoio da sociedade galega dende a firme convicción da nosa defensa do Spdcif como servizo público ó servizo da cidadanía xa que consideramos que, agora mesmo, atópase en verdadeiro perigo de extinción.

Dende estas premisas, os traballadores do Spdcif SOLICITAMOS O SEU APOIO ñas nosas reivindicacións e que son as seguintes:

- RECOÑECIMENTO DA CATEGORÍA DE BOMBEIRO FORESTAL

Este recoñecemento supón darlle valor á labor que desenvolvemos na defensa dos nosos montes, do medio natural e da cidadanía facendo visible ó noso traballo; que se nos valore social e institucionalmente; que se nos forme dacordo coas necesidades específicas do noso traballo como corpo de emerxencias; que se establezan medidas adecuadas e eficaces no eido da prevención de riscos; así como o recoñecemento da natureza penosa, perigosa, tóxica e insalubre o noso traballo diante da Seguridade Social.

- DEFENSA DO SPDCIF COMO SERVIZO ÚNICO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

É necesario voltar a un servizo público, único e profesionalizado de prevención e extinción de incendios forestáis como mellor garante de que se está a prestar o mellor servizo e rematar, dunha vez, coa fragmentación e a privatización que nunca deberon iniciarse xa que só se basean en intereses que non benefician ó noso medio natural.

Un Servizo Público, a cuxos profesionais, lies sexa recoñecida a labor que xa desenvolven ñas emerxencias en Galicia, como tal corpo, o que redundará no adecuado desenvolvemento das potencialidades no eido das emerxencias do rural que, na actualidade, non temos.

- CONVOCATORIA DUNHA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO E COBERTURA DE VACANTES

É necesaria a cobertura de todas as vacantes que actualmente hai no Spdcif rematando, así, coa progresiva amortización de prazas co único fin de ir desmantelando pouco a pouco este servizo público. Igualmente, é necesario que haxa unha inmediata convocatoria da Oferta Pública de Emprego para todo o Spdcif que remate coa precariedade e incerteza na que se atopan un elevado número de profesionais interinos do Spdcif.

- ESTABILIDADE LABORAL E PROFESIONAL

No camiño da profesionalización do Spdcif é necesario garantir a estabilidade



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

laboral dos seus traballadores.

É necesario solucionar a problemática dos fixos descotínuos de 9 meses para darlles continuidade ata os 12 meses e poder realizar eficazmente as labores de prevención que ten asignadas este Servizo.

É necesario ampliar o tempo de contratación dos traballadores de 3 meses para establecer o equilibrio entre estabilidade laboral, profesionalización e necesidades específicas de persoal.

É necesario abordar a modificación do Decreto de Listas que regula a cobertura de prazas con carácter transitorio e a contratación temporal de persoal laboral do Spdcif para atender ás peculiaridades e necesidades específicas deste servizo garantindo unha mellor xestión e fluidez delas e atendendo especificamente a problemática dos traballadores por elas regulados.

POR TODOS O ANTERIORMENTE EXPOSTO, SOLICITAMOS O SEU APOIO A ESTAS PETICIÓNS QUE CONSIDERAMOS XUSTAS.

ABRESE O DEBATE

O sr. Baz Vicente di que cando leu esta moción o primeiro que lle viu a mente, foi aquela imaxe do Sr. Feijoo en camisita, pantalón sport e zapatos castellanos sofocando incendios cunha manguera de xardín. Frente a esa foto, vemos un colectivo que solicita:

- Recoñecemento de categoría de bombeiro forestal.
- Defensa deste corpo como servizo único de prevención e extinción de incendios.
- Convocatoria dunha oferta pública de emprego e cobertura de vacantes.
- Estabilidade laboral e profesional.

Ante estas dúas posturas o BNG teno claro. Non á privatización e todo o seu respecto, apoio e admiración por esta xente que moitas veces estase xogando a vida en exceso por falta precisamente de isto que aquí demandan.

VOTACIÓN

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE 266 de Convergencia Galega- Aporte financeiro ó Mecalía -Atlético Guardés de balonman feminino.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Cando no pasado mes de decembro se celebrou a Comisión de Asuntos Económicos, unha das referencias que fixo a Concelleira de Facenda e de Traballo (entre outras responsabilidades), fixo referencia sobre os custos de ter que acudir unha ou dúas persoas a facer a limpeza e pequenos arranxos ao Pavillón de A Sangriña, que alcanzaba a cantidade de 9.000,00€, sin contar outros pagos.

Dado que nas diversas xuntanas mantidas ca Xunta Directiva do MECALIA-ATLETICO GUARDES de Balonmán Femenino feitas con este e demais concelleiros/as da oposición municipal (paréz que o Concelleiro de Deportes así como os demais membros do Grupo de Goberno non queren que se realicen xuntanzas conxuntas para que ninguén lies poide sacar os colores, dos seus grandes discursos e nulos feitos na maioría das áreas deportivas, culturais e sociais que non estén encabezadas por "compañeiros/as"

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

a).- O Concello de A Guarda asinará un convenio para limpeza e mantemento das instalacións do Pavillón da Sangriña ca Xunta Directiva do MECALIA-ATLETICO GUARDES de Balonmán Femenino, cun aporte de 9.000,00€, polo que o Clube procederá a contratar unha persoa para o servizo nestas instalacións.

b).- A persoa contratada mantera vínculo laboral ca entidade deportiva sin que se poida producir relación de traballo co Concello.

A Guarda, a 14 de Xaneiro do 2.016

*Celso Rodríguez Fariñas
Concelleiro de CONVERXENCIA GALEGA*

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira sinala que, dende o seu punto de vista. O mantemento do pavillón municipal debe correr a cargo do Concello con persoal propio.

O Sr. Lomba Alonso di que o título da moción induce a erro porque isto sóalle a subvención e di que lle preocupa a explicación que acaba de dar o portavoz de Convergencia Galega xa que se está a falar dunha financiación encuberta dun clube. A postura do BNG é que as instalacións públicas deben ser mantidas e controladas polo propio concello. O que hai que facer é demandar ó Concello que sexa responsable e eficiente neste tema acadando un mantemento das instalacións nas mellores condicións. Esta foi, é e será a liña do BNG.

A sra. Ortega Martínez recorda que xa falou deste tema nunha comisión de asuntos económicos e pregunta porque se lle dixo que tamén se poderían considerar como subvención ó clube os 9.000 euros de limpeza. O Partido Popular entende que o pavillón o usan máis clubes e o propio colexio. O partido Popular tamén dixo nesa comisión que a cantidade asignada como Subvención a un Club que leva o Nome da Guarda por o mundo non e proporcional ni correcta respecto a outros e que habería que replantearse este tema. Pregunta cantas horas de limpeza(e quen as realiza) hai nese orzamento de 9.000 euros.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Español Otero di que non hai coherencia nesta solicitude. O pavillón está sendo limpado por unha traballadora municipal. Di que o Concello en ningún caso poderá darlle diñeiro a un clube para que contrate unha persoa para facer tarefas de limpeza do pavillón. Sinala que quizáis o clube teña escollida incluso a persoa que vai facer estas tarefas. Por outra banda, di que o tema de se a subvención para o balonmán é suficiente é outro tema a tratar que non ten que ver con este.

O sr. Rodriguez Fariñas di que se asinaría un convenio para que non haxa secretismos e que, dende o seu punto de vista, non hai ilegalidade algunha nesta aportación. A él cónstalle que nas reunións que se celebran no clube maniféstase a dasagrado coa situación actual.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (1) Sr. Rodriguez Fariñas

VOTOS EN CONTRA: (11) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodriguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Iglesias Ferreira.

ABTENCIONS: (5) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez.

A vista deste resultado a moción **NON PROSPERA**

• RE 269 de Convergencia Galega sobre o Plan de Ordenación de Fachadas

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

Dende hai bastante tempo, propietarios de vivendas con entrada principal pola rúa Malteses e con fachada hacia o Paseo de Mazaracos, atópanse con bastantes problemas para desenrrolar obras de mantemento e conservación desas propiedades polo atraso que está sufrindo a elaboración do Plan de Conservación e Mantemento de Fachadas deste lugar, o que provoca que o deterioro e os custos da inversión sexa cada vez maior.

Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación si procede da seguinte MOCIÓN

O Concello de A Guarda, pora tódolos medios técnicos e de tempo posible a disposición do Departamento de Urbanismo, para que nún prazo non superior os TRES (3) MESES se remate o traballo do Plan de Conservación e Mantemento de Fachadas das vivendas do Paseo de Mazaracos.

A Guarda, a 14 de Xaneiro do 2016

Celso Rodríguez Fariñas

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que vai esperar ó debate para posicionar ó seu voto.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Baz Vicente di que é unha pena que o asesor xurídico externo de urbanismo non esté aquí, nos plenos onde haxa contido urbanístico, como ten reclamado en máis dunha vez o BNG. É unha pena porque aclararía dúbidas. Entenden que, sen ser especialistas, o “ Plan de estado detalle N^o 1 actación A G” (fachada marina) non impide en ningún mometo o mantemento e conservación de propiedades como ven a decir CG e si impide obra nova mentres este non esté rematado . Pídelle ó sr. Alcalde que aclare tamén por que ordenou paralizar a redacción deste proxecto, cando según entenden, non afecta para nada ao novo plan Xeral no que se traballa.

A sra. Ortega Martinez di que o problema que se denuncia na moción tamén ocorre nas casas novas.

O sr. Alcalde di que o plan non está parado. Cando se iniciou esta lexislatura se estaba traballando nel pero o técnico que o estaba desenvolvendo este plan púxose de baixa e cando de poida continuarase con el pero nunca estivo parado.

O sr. Rodriguez Fariñas di que fai dúas semanas preguntou no departamento de urbanismo e díxoselle que estaba parado e que nel estaba traballando unha rapaza contratada.

O sr. Baz Vicente insiste en que a eles tamén se lles dixo que estaba parado.

O sr. Alcalde di que el non ordenou que se parara, e que o arquitecto municipal xurdíronlle outras cuestións polo que tivo que delegar este traballo na apareladora becada da deputación.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (7) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (7) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez

ABTENCIÓNS: (3) , Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez.

A vista deste resultado, e en virtude do voto de calidade do Sr. Alcalde, á moción **NON PROSPERA** (artigo 124.4 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexíme Local)

- **RE 296 do PP.- Moción para instar ó goberno municipal a arranxar a wifi municipal Navegaguarda**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

Dende que se creou fai anos a rede wifi municipal Navegaguarda, os veciños da nosa vila tiveron a oportunidade de poder conectarse a internet. Iso permitiu a moitas persoas servirse da rede para realizar xestións, pedir cita médica, buscar calquera información...En definitiva, a utilizar a wifi como calquera cidadán máis,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

pero de xeito gratuito. Certo que a velocidade era baixa, pero era suficiente para moverse a nivel usuario.

Este servizo foi dun dos máis aplaudidos polos guardeses, especialmente polas persoas maiores, pois moitos puideron contactar cos seus familiares e amigos a través das redes sociais.

Pero o bo dura pouco. Constantes problemas de saturación e fallos na cobertura, convertiron a navegación pola rede nunha penuria, colgándose continuamente e quedando sen sinal.

As chamadas ó concello dando as queixas eran constantes, pero en moitos casos a resposta era: “no está el informático” ou “estamos trabajando en ello”, (frases ben coñecidas polos membros da oposición, por certo)

Nos últimos meses, o funcionamento da wifi municipal é tan mala, que chegaron a nós as queixas do penoso servizo que presta, como está a ocorrer na zona da Guía, pero que por desgracia non é o único sitio, senón que a wifi falla en todas as zonas da Guarda. Incluso algúns veciños non so se queixan dos problemas técnicos, senón tamén do mal trato que reciben cando foron persoalmente a avisar do problema, coa única intención de que os escoitaran para que a wifi se arranxara.

Corréspondelle ós concellos a promoción no seu término municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións. Segundo a lexislación os cidadáns non só teñen o dereito a relacionarse coa administración por medios electrónicos, senón que esta debe facilitar o acceso dos cidadáns a información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación de barreiras que limiten dito acceso. Isto non o decimos nós senón a lei, e mentras haxa un problema de acceso a internet para os veciños da Guarda, estáselles negando un dereito recoñecido legalmente.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o grupo de goberno inste ao responsable de Novas Tecnoloxías, ou quen teña a capacidade, competencia e a autoridade para facelo, para que se inicien o máis pronto posible os traballos para resolver as deficiencias da wifi municipal Navegaguarda, un servizo que é fundamental nestes tempos e que todos os guardeses temos o dereito a usalo, ademáis de merecelo.

A Guarda, a 14 de xaneiro de 2016. Conchi Ortega

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que o problema coa wifi municipal na zona da Guía ven de moi atrás e que é evidente que non funciona ben.

O sr. Lomba Alonso di que o máis importante neste caso é que o grupo de goberno aclare se a wifi municipal é legal porque ó BNG preocúpalles máis a súa legalidade que o funcionamento en sí. Entenden que podería haber unha situación de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

competencia desleal. Explica que a nova lei de telecomunicacións aprobada precisamente polo Partido Popular provocou que houbera que restrinxir a wifi noutros concellos. Consideran que é prioritario determinar a súa legalidade porque non é coherente investir en algo que pode ser ilegal. Por último di que esperan que este servizo poida mellorar pero hai que entender que a wifi municipal é para o que é.

O sr. Alcalde repite o dito polo concelleiro do BNG no sentido de que a wifi municipal é para o que é, o que pasa é que a veciñanza ten expectativas moi altas. Respecto do tema da legalidade di que o consultará para poder dar unha explicación ó respecto. Di que a el cónstalle que a maioría dos veciños están contentos co servizo e que o problema da Guía xa foi resolto. Remata respaldando a labor do técnico informático xa que considera que é moi boa e profesional.

O sr. Lomba Alonso pide que se deixe sobre a mesa ata que se informe sobre a súa legalidade.

A sra. Ortega Martinez di que a van retirar ata que se dispoña dun informe sobre a súa legalidade, non obstante discrepan da opinión do sr. Alcalde xa que a eles lles consta que o servizo non é bo, que existen queixas de moitos veciños ó respecto.

RETÍRASE A MOCIÓN.

- **RE 404 de Convergencia Galega.- Revisión de oficio trala emisión do decreto 836 de 26.11.2015.**

Antes de que o concelleiro de Convergencia Galega dea conta da moción o sr. Alcalde lle pide que a retire xa que no día de hoxe ditou un decreto que da resposta ó solicitado nesta moción.

O sr. Rodriguez Fariñas di que non lle parece normal que se lle entregue ese decreto do que fala o alcalde ás 5 da tarde, tres horas antes do pleno.

O sr. Alcalde sinala que, en todo caso, a parte dispostiva da moción non se pode cumprir xa que aínda que se vote a favor, o asesor xurídico non poderá personarse nesta sesión.

A sra. Iglesias Ferreira di que ten dúbidas sobre o seu voto porque é bo que asista o asesor xurídico pero tamén é evidente que non pode cumprirse o solicitado.

O Sr. Lomba Alonso manifesta que o BNG leva reclamando isto mesmo dende fai tempo e relcama a presenza do asesor xurídico externo de urbanismo tanto en plenos como nas comisións para lle explique aos presentantes do pobo e aos veciños e veciñas as dudas que xurdan.

O sr. Alcalde di que non ten sentido porque pode resolver as dúbidas a cada un individualmente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Lomba Alonso di que ó BNG vállelle con que acuda ás comisións de urbanismo.

A sra. Ortega Martinez di que respalda a opinión do BNG.

O Alcalde asume o compromiso de que o asesor xurídico asista ás comisións de urbanismo polo que o Sr. Rodriguez Fariñas retira a moción.

RETÍRASE A MOCIÓN

- **RE 414 de D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira (Concelleira non Adscrita).- Moción sobre o acceso ó rexistro do Concello por parte dos membros da corporación para o desenvolvemento das súas funcións.**

A sra. Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que los miembros de la corporación municipal tienen derecho a obtener del Alcalde cuantos antecedentes, datos o información obren en poder de los servicios de la corporación y resulten precisos para el desarrollo de su función, así lo recoge el art 77 de la LBRL. También los artículos 14, 15 y 16 del ROF (Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales), hacen referencia al derecho de los miembros de las corporaciones locales a obtener cuantos datos o información obren en poder de los servicios de la corporación y resulten precisos para el desarrollo de su función.

Los servicios administrativos locales están obligados a facilitar la información en los casos recogidos en esas normativas, así como las normas de consulta, pero lo que se propone en esta moción es la mejora de la accesibilidad a la consulta de esos datos e información a los miembros de la corporación.

La pasada semana, en la misma mañana distintos concejales pretendamos acceder a la documentación del registro municipal. Uno accedía fuera del horario establecido mientras otro tuvo que esperar más de una hora, mientras el tercero revisaba la documentación. Estas situaciones constatan que el horario de acceso actual (martes y viernes de 12 a 13.30 horas) es insuficiente e incompatible con el horario de los miembros de la corporación.

*Por lo expuesto, se somete al Pleno do Concello de A Guarda la adopción del siguiente **ACUERDO**:*

- 1º *Modificar el acuerdo de los días y horario de acceso de los miembros de la corporación al registro municipal del concello para facilitar su labor, pudiendo consultarlo y acceder a la información en el horario de apertura del registro municipal*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABRESE O DEBATE

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai apoiar a moción.

O Sr. Baz Vicente di que todo o que redunde en transparencia e efectividade é bo e polo tanto van apoiar a moción

A sra. Ortega Martinez di que van apoiar a moción.

A sr. Español Otero di que o seu grupo non cambiou o acceso o rexistro senón que esta situación ven da época de Riego. Naquel entón, e por consello da secretaria, decidiu restrinxir os días e horas de acceso ó rexistro, para non entorpecer ós servizos municipais.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción **é aprobada co** seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (10) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira.

VOTOS EN CONTRA: (7) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez,

A vista deste resultado a **MOCIÓN PROSPERA**.

- **RE 456 do BNG.- Moción para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do galego.**

A sra. Martinez Vazquez da conta da seguinte moción:

Exposición de motivos

O 24 de febreiro de 2016 cúmprense 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos a nosa contribución á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

1. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

- a. Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...*
- b. Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*
- c. Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.*

2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3. Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

Merchi Martínez Vázquez



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Concelleira do BNG

A Guarda, 23 de xaneiro de 2.016

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que ve moitas cousas positivas na moción, sobre todo no que respecta a dar a coñecer a obra de Rosalía de Castro pero que non comparte o discurso do BNG e polo tanto vaise abster.

A sra. Ortega Martinez di que o seu grupo está de acordo cos puntos 1º e 2º da moción porque, aínda que teñen discrepancias coa visión do BNG, o importante é o fondo. En cambio respecto do punto 3 di que só están de acordo coa palabra consenso e explica que en Galicia hai moitas sensibilidades, respetables todas elas, e o goberno da Xunta de Galicia está tentando chegar a un punto medio, onde parece que non está cómodo o BNG. Di que o deber dun goberno en política lingüística, cando hai dúas grandes sensibilidades e non escorarse nin a babor nin a estribor. Por eso están de acordo coa política de consenso pero esa non é a postura do BNG que quere a imposición dunha das dúas linguas oficiais de Galicia

Consideran que incluír unha proposta de solicitar da Xunta un cambio é buscar a confrontación, non é querer e admirar a Rosalía de Castro.

Por todo elos di que, se hai votación separada os dos primeiros puntos, votarán a favor deles, pero que se non se retira o terceiro punto absteranse para que prospere dada a importancia dos homenaxes a Rosalía de Castro.

A sra. Baz Rodriguez di que o equipo de goberno está preparando as actividades para o día de Rosalía e farán todo aquilo que dea tempo facer.

Neste intre abandona a sesión a sra. Vicente Baz.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (10) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Rodriguez Fariñas.

VOTOS EN CONTRA: (0)

ABSTENCIÓNS: (6) Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez e Iglesias Ferreira.

A vista deste resultado a **MOCIÓN PROSPERA.**

- **RE 465 do BNG.- Moción para a admisión no concello a través do Portelo de documentación dirixida a diferentes organismos: deputacións, ministerios, organismos estatais.**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Martinez Vazquez da conta da seguinte moción:

Exposición de motivos,

De todos é sabido a pésima comunicación que o concello da Guarda ten co resto do país, a distancia que hai á cidade que temos como referencia, Vigo, así como o custo elevado dos medios de transporte públicos, fai que desprazarnos para presentar calquera documento ante certas institucións públicas supoña unha serie de gastos que ben se poderían evitar se dende o concello se facilitasen o acceso a ditas entidades.

Temos coñecemento que para solicitar ou remitir calquera tipo de documentación ou para xestionar calquera asunto oficial, hai moitos concellos que teñen asinado convenios con diferentes administracións públicas, mentres que na Guarda soamente contamos cun convenio coa Xunta de Galiza.

Dende o BNG somos coñecedores das constantes queixas de guardeses e guardesas sobre os trastornos que xeran ter que entregar documentación en administracións que quedan demasiado lonxe do noso pobo, polo que consideramos que o concello da Guarda debe comprometerse e ofrecer os servizos necesarios para que os cidadáns e cidadás teñan as mesmas posibilidades e que gocen dos mesmos servizos que noutros concellos onde xa existen convenios con diferentes administracións.

O BNG entende que hai que achegar as administracións ao pobo, polo que entendemos que calquera medida encamiñada a facer máis fácil e menos custosa a vida dos nosos veciños e veciñas o concello debe tratar de buscar unha solución.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo

O goberno municipal tomará as medidas oportunas e iniciará os trámites para acadar acordos e asinar convenios de colaboración coas diferentes administracións do estado español, e así poder tramitar documentacións que precisen os cidadáns e cidadás dende o concello da Guarda.

Ángel Luis Baz Vicente
Portavoz municipal do BNG
A Guarda, 25 de xaneiro de 2.016.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que ela descoñece o convenio que teñen noutros concellos para levar esto a cabo pero que se é factible realizar este servizo van apoiar a moción porque lle parece moi beneficiosa para os veciños.

A sra. Ortega Martinez di que hai felicitar o Bng pola iniciativa porque está si é unha moción das que consideranque se deben tratar neste pleno, algo que axuda os guardeses, que lle acerca a administración. Esta moción é moi necesaria e entente



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que por enriba das siglas debe estar o servizo os vecinos. Haberá que reorganizar o rexistro. Di que apoiarán a moción.

A sra. Magallanes Alvarez di que o seu grupo apoiará a moción pero con matices xa que cos medios persoais actuais é imposible levala a cabo. Haberá que ver se é factible.

VOTACIÓN

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

- **RE 471 do PP.- Moción para instar ó goberno municipal a sacar a concurso público con publicidade a contratación dunha empresa redactora do PXOM da Guarda**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes decembro de 2015, o Sr. Alcalde convocou unha comisión de Urbanismo cos grupos da oposición onde amosou a súa pretensión de levar a pleno a aprobación inicial do PXOM de A Guarda. Naquela xuntanza decidíuse por maioría un dictamen negativo para levar a pleno a aprobación inicial do Plan Xeral. Entre outros motivos, o partido popular votou en contra por non existir empresa redactora.

A pesares de saber que a aprobación inicial non sairía adiante, o Sr. Alcalde convocou un Pleno extraordinario onde quedou públicamente patente o seu empeinamento por levar adiante un PXOM para A Guarda sen actualizar, incumplindo varias leis como a de Montes e a de Carreteras, e con erros evidentes que o grupo popular puxo de manifesto na reunión coa empresa redactora Consultora Galega. Dita empresa amosou esta necesidade nun documento que está no rexistro do Concello, no momento de solicitar a rescisión de contrato de mutuo acordo.

A conclusión é que non hai empresa redactora porque ante a necesidade de modificar por erros e por actualización o plan redactado fai anos, non houbo acordo económico entre a empresa redactora e o concello.

Todos os grupos, ao igual que manifestou en pleno o equipo socialista, queremos ter o antes posible un Plan Xeral que cumpra coas esixencias dos guardeses e se adapte a realidade da nosa vila, cumprindo ademáis cos requerimentos dos organismos implicados, e por suposto coa lexislación vixente. A condición esencial para avanzar con éxito no noso PXOM, é contratar de inmediato unha nova empresa redactora. Ese é o primeiro paso que debemos dar sin demora.

Coa inminente aprobación da Lei do Solo de Galicia, todos os concellos sairemos gañando en canto a axilidade na tramitación dos Plans Xerais, por iso a estratexia



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*que están facendo noutros municipios é non "parar as máquinas", senon darlle "avante a toda" para non perder máis tempo e cartos.
A única forma de avanzar é a contratación dunha nova empresa redactora, á maior brevedade posible.*

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno e en especial o alcalde e responsable de Urbanismo, convoquen de inmediato a concurso con publicidade a contratación dunha empresa redactora que realice o PXOM de A Guarda.

En A Guarda, a 20 de Xaneiro de 2016

Fdo: Conchi Ortega Martínez

Voceira do Partido Popular

ABRESE O DEBATE

O sr. Rodriguez Fariñas di que o Plan Xeral non pode morrer coa non aprobación inicial. DI que no Morrazo estaban igual que na Guarda e xan fon dando pasos para a a redacción dun novo plan xeral.

O sr. Baz Vicente di que lle sorprende que non estea xa en marcha e que se o alcalde ten interese en que saia adiante debería estar traballando nelo.

O sr. Alcalde di que está un pouco desconcertado coa proposta porque sin coñecer a nova lei non pode redactar pregos adaptados a ela. Entende que non se pode iniciar un novo proceso ata que estea aprobada a nova lei para coñecer entre outras cousas a liña de subvencións para a redacción dos plans.

O sr. Rodriguez Fariñas pide que o alcalde asuma o compromiso de traer a pleno esta moción unha vez aprobada a lei.

A sra. Iglesias Ferreira di que comparte a opinión do Sr. Rodriguez Fariñas.

A sra. Ortega di que retira a moción ata que estea aprobada a nova lei.

RETÍRASE A MOCIÓN

- **RE 513 do PP.- Moción para a creación da mesa de Turismo da Guarda.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O turismo é un motor económico fundamental para o crecemento na Guarda, ademais é o impulsor de outros sectores. As cifras de chegada de turista a Galicia durante o ano 2015 segundo as estatísticas do INE nos primeiros 11 meses do ano son de récord, xa que se deu un máximo histórico de viaxeiros neste período chegando a un total de 4.384.332 viaxeiros en establecementos turísticos regradados. Dende o Partido Popular pensamos que este é o momento no que o Concello xunto co Sector ten que impulsar de forma definitiva o Turismo na Guarda apoiado polo incremento de turismo en España y en Galicia, e por outros factores propios da Vila, como os numerosos achados no Trega, no poboado denominado "Mergelina". Non podemos seguir en A Guarda e o Baixo Miño afastado dos números de visitantes de outras comarcas Galegas, cando temos moitos valores que nos diferencian na paisaxe, patrimonio cultural, patrimonio inmaterial, etc... Pensamos que só facendo partícipe o sector hostaleiro, restauradores, comercio, praza de abastos..., se pode chegar a planificar ben o futuro da nosa vila no Turismo.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Se traia a pleno un regulamento de MESA DE TURISMO na Guarda, onde figure os obxectivos, a composición, e regule o funcionamento dende a posta en marcha da mesa.

En A Guarda, a 02 de Xaneiro de 2015

*Fdo: Conchi Ortega Martínez
Voceira do Partido Popular*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai a darlle unha oportunidade a este tipo de mesas de traballo aínda que non son do seu agrado xa que o final neste concello este tipo de mesas, reunións e comisión non so fructíferas.

O sr. Baz Vicente pregunta qué obxectivo tería esa mesa de turismo. Que vai a aportar? Quen a formarían? Que competencias tería?. Pregunta tamén que pasou co plan estratéxico de turismo; Que nivel de excusión ten ese plan? Ata onde se chegou? Ten actualizacións? Por qué se deixou?

Consideran que a moción ten unha redacción confusa. Ven boas intencións pero sen rumbo definido e unha morea de conceptos misturados; da a entender que esa mesa participará aportando ideas na redacción dun plan estratéxico e pregunta se vai facer o mesmo que a mesa local de comercio.

O BNG non vai votar en contra desta moción, pero en todo caso din que por moitas mesas de traballo, plans estratéxicos e por moitas ideas que se aporten, mentres o goberno local siga ancorado na súa xestión continuista sen aspiracións a cambiar estratexias e actitudes, pouco aportan estas mesas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Ortega Martinez responde ó voceiro do BNG que a composición da mesa definiríaa o propio regulamento que terá que se aprobado polo pleno pero que ela prefere máis membros do sector que políticos.

A sra. Magallanes di que na creación da mesa de turismo ten que haber consenso e parecelle desafortunada a nota de prensa que saíu estes días.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción **é aprobada co seguinte resultado:**

VOTOS A FAVOR: (13) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira.

VOTOS EN CONTRA: (0)

ABSTENCIÓNS: (3) Sres/as Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez

PUNTO 6.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS DO PP

1.- Todos os plenos, imos realizar a mesma pregunta, porque non se trae a este pleno ordinario de Xaneiro a ordenanza de cobro de servizos do Ges, non podemos entender porque seguimos perdendo ingresos desde xullo, onde se aprobou a moción.

Pola mesma razón que se deu cada vez que fomos preguntados.

2.- A Segunda pregunta era sobre protección civil e a retiro por que xa foi respostada.

3,. Coñecemos que 40 concellos tramitan a rebaixa do ibi por chans urbanos sen edificar, despois da sentenza do tribunal supremo do 2014, non podemos entender a razón porque A Guarda, non está entre estes concellos como esta Oia, O Rosal

Estamos a facer as consultas pertinentes

4.- o outro día sufrimos un apagamento no Pavillón, e detectamos unha irregularidade mais que a nosa moción non recollía, non había luces de emerxencia. Coñecía isto o Concello? Están as portas de saída antes unha evacuación urxente abertas e sinalizadas? Hai un plan de evacuación.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

5.- Cal foron as xestións realizadas en Fitur,e en que consistiu a nosa representación, que levamos para presentar A Guarda?, que reunións se fixeron?

6.O outro día coñecemos que o 11/12/2015, ata onde podemos, que a deputación denega a subvención relativa ao incremento de financiamento para o módulo de servizo no fogar. Tratandose de algo tan sensible, gustaríanos unha explicación do equipo do goberno, porque se nos denega, que cantidade supón? Que pasou exactamente.?

Tratábase dunha ampliación da subvención anual por importe de 1000 € . Dende o departamento de Servizos .Sociais consideraron en un principio que non era preciso acollerse á mesma posto que a subvención anual cubria o servizo. Sen embargo un incremento importante no número de demandantes, en un periodo moi corto de tempo, alterou a previsión económica polo que no último momento acordouse solicitar a mencionada ampliación pero un erro administrativo imposibilitou a súa concesión.

7.- Na rúa Ourense á altura do antigo bar Meu, púxose un bordo na calzada non paralelo senón perpendicular, ademais dun pivote, Parécenos que non hai nada semellante en toda a Garda, poderíanos explicar para que? .Nós non vemos a necesidade..

8.- Un concelleiro doutro grupo preguntou no pleno pasado sobre o proxecto de Concepcion Arrenal, díxoselle non estaba finalizado, pero na prensa, pode ser interpretación da xornalista, di que xa está presentado en Deputación, cal é a realidade o respondido a un concelleiro ou o que di a prensa?

10.- Porque se desviaron os peregrinos portugueses eses mesmos recibiu Alcalde, cara ao paseo marítimo? Ten algo que ver que o estado camiño de Santiago ao seu paso por Camposancos, como as beirarrúas de subida desde os Xesuítas, e escondelas aos peregrinos?

11.- Está a facerse algo desde este concello para o Recoñecemento do camiño de Santiago pola costa, cónstame que outros concellos están facendo alegacions.

12.-Hai un plan para arranxar os parques infantís da Guarda? Cando pensan arranxar o parque de Julia Vaqueira por exemplo, o estado é lamentable.

Imos a actuar nos parques e outras instalacións do concello. Para elo se solicitou, entre outras cousas persoal a Deputación. No parque de Julia Vaquero, así como noutros, actuaremos en canto nos sexa posible.

13- Porque a Iluminación do Nadal do Porto non estivo acendido varios días este pasado nadal



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Constannos averías puntuais de alumeado de Nadal. En moitas ocasións enteirámonbos gracias a que recibimos avisos dos propios veciños. Tódas elas foron resoltas pola empresa puntualmente en canto lle demos aviso.

14.- A rampla de Pirún, xa se que outros grupos preguntao, pero como non me satisfán as respostas danlles, eu tamén o pregunto cando se vai a reparar?

Non podemos precisar a data exacta. Está en proceso de tramitación

15.- Se coloco o paso a peóns en Rosentes, que no ultimo pleno díxoseme que se íase a colobar

O compromiso era e segue sendo o de colocar unhas bandas reductoras de velocidade. Estase a falar cos veciños.

16.- Na rotonda da depuradora, hai un sumidoiro sen tapar, que non podo dicir que pode ser perigoso, é perigoso unha señora calou e ten secuelas. Está próximo ao bordo da calzada e tapado por herbas. Poñer un pié aí é do mais facil, e ten afundes 70 cn, co consecuente risco de rotura de pernas, ademais ten unha pedra saínte que produce un corte moi profundo, que deixá cicatriz, por certo. vai buscar a forma de tapala?

É certo que estaba moi perigosa, xa esta arranxada

ROGOS

O muro de contención en Camposancos enfronte dá Igrexa, ten gretas e non foi reparada na súa totalidade, supoñendo rocha para vos veciño, xa que segue gretándose. Rogo que vos técnicos, revisen devandito muro e tomen as medidas oportunas.

Subida ás torres, fíxose unha obra non pasado, cremos de separar as augas, e ou formigón que se lle feito está gretado, e cada vez está en peor estado, varios veciños queixáronse xa do problema.

Rogo repárese ou sinal que indica Camposancos, enfronte do Tanatorio ou insten a quen teña que facelo

Rogo que se bote capa de cemento non barrio de Salgueiró, desde Cruceiro ata ou número 7, e non primeiro transversal de Salgueiró, ata ou número 5. Xa que hai veciños en cadeiras de rodas, e que se lle dificulta ou accesos á súa casa.

Rogamos que se cambie ou colector de papel, que está enfronte do famoso establecemento Socorro na baixada á Pasaxe, xa que está inservible.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Rogamos de novo que non esquezan de dotar papeleiras a Camposancos, xa solicitado en varias ocasións

Rogamos algún sistema de retención de colectores de lixo na subida de Saa, subida ao muíño, estrada do Forno do duque. Xa que se van cara á estrada

Rogamos arranxo en Parque Laxe Grande de varanda e dás randeeiras.

Rogamos arranxo dá tapa de sumidoiro contiguo ao Parque de Laxe Grande polo perigo para vos nenos sobre todo.

Rogamos que se estude poñerlle varanda ás escaleiras ao centro cultural, xa que moitas persoas maiores renuncian a asistir a actos culturais por que sen varanda senten inseguros para baixar e subir esas escaleiras.

Rogamos que ou punto limpo pódase abrir en horario mais amplo.

Rogamos reparen ou farol dá Rúa Cervantes, xa que ata lle podería caer ou cristal a algún concelleiro ou ao Alcalde, xa que é ou camiño natural ao Concello

Rogamos arranxo dá varanda de Cálea Circunvalación, na zona dá Cruzada,

Rogamos a limpeza do farol de Armona, que segue como un Dinoseto Farol.

Rogamos reparen unha fochanca non barrio de Saa.

Rogamos revisen a sinalización do Monte Santa Tecla, e insten a quen faga falta para que se arranxe, vos nosos visitantes non podar levar esa mala sensación nada mais empezar a subir ou noso maior atractivo turístico, atoparse ou sinal en tan mal estado

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:

Cursos de formación. Cursos AFD. O Rosal, Tomiño e Tui pediron cursos. A GUARDA?

Obradoiros de emprego (non é necesario que as aulas estén homologadas). O Rosal pediu, Tui ten un en curso, Tomiño pediu, e A Guarda?

Programas integrados de emprego. (moi centrados en persoas que perciben RISGA. A GUARDA PEDIU?

O concello da Guarda solicitou un OBRADOIRO DE EMPREGO PARA OFICIOS VARIOS e un OBRADOIRO DE EMPREGO DE AXUDA A DOMICILIO



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ROGOS E PREGUNTAS DE CG: Presenta o seguinte escrito na sesión plenaria:

Tendo en conta que dende a alcaldía e Xunta de Goberno Municipal, se ven incumplindo a lexislación vixente dado que fan deixadez das súas responsabilidades, e que para eles é letra mollada o artigo 77 da LBRL e do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, que sinala: que as solicitudes dos concelleiros/as debe ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes as que foi presentada, entendéndose aceptada por silencio administrativo cando no anterior prazo non se dite resolución expresa denegatoria, VIMOS A SOLICITAR:

Resposta ó escrito nº 8.463 de 31.12.2015
Resposta ó escrito nº 8.464 de 31.12.2015
Resposta ó escrito nº 8.466 de 31.12.2015
Resposta ó escrito nº 046 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 048 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 050 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 051 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 055 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 056 de 05.01.2016
Resposta ó escrito nº 189 de 12.01.2016
Resposta ó escrito nº 194 de 12.01.2016
Resposta ó escrito nº 273 de 14.01.2016
Resposta ó escrito nº 275 de 14.01.2016
Resposta ó escrito nº 302 de 15.01.2016
Resposta ó escrito nº 361 de 19.01.2016
Resposta ó escrito nº 402 de 21.01.2016
Resposta ó escrito nº 403 de 21.01.2016
Resposta ó escrito nº 407 de 21.01.2016
Resposta ó escrito nº 408 de 21.01.2016
Resposta ó escrito nº 409 de 21.01.2016
Resposta ó escrito nº 7.762 de 01.12.2015
Resposta ó escrito nº 7.498 de 16.11.2015
Resposta ó escrito nº 7.500 de 16.11.2015

ROGOS E PREGUNTAS DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA

estase a traballar para convocar un novo concurso público para adxudicar o mantemento de xardins do concello?

Si

Estase traballando para a convocatoria da assemblea para o nomeamento da xunta directiva de Protección Civil?

Si

Que ocorre cos colectores e o corte da calzada no Aloqueiro? Cando se vai a solucionar?



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Cando ven moita auga levanta a tapa da arqueta e se esta está moi suxeta levanta incluso o firme. Estase a buscar unha solución que evite estas situacións.

Rogamos a retirada do bolardo de formigón, o noso entender e de moitos veciños, perigoso, instalado na rúa Ourense

Cando se ten estimado que se abra o centro de interpretación do Castillo de Sta. Cruz?

En canto a Xunta entregue a obra e o Centro estea dotado de contidos.

Que ocorreu coa iluminación do arbol de nadal da Alameda na que se invertiu o ano pasado?

Rogamos, aínda que hai moitas prioridades no pobo e moitas rúas e beirarrúas en mal estado, que se utilice unha partida de obras para o arranxo das beirarrúas da rúa Brasill, que están en muoimal estado

Rogo que teñan en conta a data na que cae o próximo pleno ordinario do mes de marzo xa que coincide con venres santo.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 02.55 minutos do día 30 de xaneiro de 2016 da que eu como secretaio dou fe.